

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE XUÑO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 19 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 15 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 4a)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 4a e 10a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 4c)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 14 de xuño de 2017**

Apróbese a acta da sesión do 14 de xuño de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:23	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB45-8455E6-54DFBH-YU5V3U-PU95H8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Licitadores	Prezo total	Prazo para a execución da mellora do soporte técnico de verificación e consulta	Incremento nº mínimo de sesións formativas
PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	186.852,19 €	8 semanas	4 sesións
ERNST & YOUNG, S.L.	179.685,00 €	6 semanas	2 sesións

As dúas empresas presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Asiste á apertura D. Hugo Fernández Miñán, con DNI 36.175.720-D, en representación de PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo total
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	220.754,00€
ORECO, S.A.	288.132,40€
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	206.825,30€
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	234.664,53€

Non asiste público á apertura.

Levántase a sesión e reanúdase ás 13:20 h.

A xefa da Unidade de Patrimonio Histórico entrega informe de data 19 de xuño de 2017 sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:23	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB45-8455E6-54DFBH-YU5V3U-PU95H8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo unitario
EMPRESA RAÚL, S.A.	96,80€
EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.	77,46€
AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.	90,20€
VIAJES MELYTOUR, S.L.	80,00€
AUTOS GONZALEZ, S.L.	82,50€
UTE VDA. DE J. DOMÍNGUEZ, S.L. - TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A. - AUTOINDUSTRIAL, S.A. E CASTROMIL, S.A.	86,90€

Todas as empresas presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Asiste á apertura D. Fidel Martínez Gil, con DNI 34.626.070-F, en representación de AUTOS GONZALEZ, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)

Non se trata este asunto tendo en conta que no punto 4b se acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)

Dáse conta da resolución nº 493/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC) pola que se desestima o recurso nº 353/2017, interposto por D. Darío Arias Núñez, en nome e representación da UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS,S.L., contra o acordo de adxudicación deste procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación



(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:23	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB45-8455E6-54DFBH-YU5V3U-PU95H8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		